



Confederación Intersindical Galega
ADMINISTRACION PUBLICA

C.I.G. - AXENCIA TRIBUTARIA

Comisión Permanente de Saúde Laboral

Na reunión do día de hoxe tratamos os seguintes temas:

-Actividades preventivas do Servizo de Prevención:

A Administración facilitounos os datos sobre as plataformas de renda avaliadas no 2010, así como das visitas realizadas e informe comparativo sobre avaliacións no periodo 2007-2010. Presentamos unha queixa xa que esa información foinos facilitada na mesma reunión polo que non houbo tempo suficiente para estudar todos os datos.

Desde a CIG propoñemos que ,aínda que sabemos que as incidencias que se produzan nos Comités Provinciais están fóra das competencias desta Comisión Permanente, aqueles problemas que son moi reincidentes deberían ser solucionados a través desta Comisión Permanente, para darlle unha solución urxente. En concreto en Galicia temos o tema recorrente da Administración do Barco de Valdeorras, xa que desde que foi aberta dita Administración é imposible traballar na época estival, con temperaturas a media mañá que en moitas ocasións superan os 30 grados, tema que non se dá solucionado a través do Comité de Ourense.A AEAT comprometeuse a buscarlle solución.

-Acceso á información sobre prevención de riscos na Intranet:

Como xa sabedes desde finais de abril está habilitado, na Intranet, o acceso a información de prevención de riscos (podedes acceder desde "Información al Personal") e consultar os procedimentos, lexislación, facer consultas.....A AEAT infórmanos que, que esta resultando moi operativo



Confederación Intersindical Galega
ADMINISTRACION PUBLICA

por parte dos traballadores, e practicamente se actualiza en canto existen novidades.

Tamén suliñar que a partir de hoxe xa está aberto o prazo para a campaña de vacinación do 2010.

-Accións formativas sobre prevención de Riscos Laborais 2010:

A AEAT facilítanos información sobre as accións formativas de prevención para este ano, documentación que acompañamos a esta nota informativa.

Reclamamos, unha vez máis, que deben existir tamén cursos de prevención para o persoal de Vixilancia Aduaneira que realiza labores en terra.

- Mapa de servizos médicos e accións formativas:

En relación á Galicia, infórmannos que na Coruña contratouse un novo servizo sanitario, cun médico a media xornada durante 4 horas. Asimesmo comunicánnos que ,dentro da oferta presentada pola empresa adxudicataria deste servizo, hai un compromiso para impartir cursos sobre Saúde laboral, Primeiros Auxilios e Prevención nas Delegacións de Lugo, Ourense Pontevedra e Vigo. Tamén infórmasenos de que realizarán enquisas aos traballadores, de xeito confidencial, sobre a calidade do servizo. Por último, volvemos a instarlle a Admon que poña en marcha xa de unha vez a Mesa específica de Saúde Laboral do SVA, tal e como se aprobou no mes de marzo de este ano. ¿Será despois do verán?

SEGUIREMOS INFORMANDO

CIG-AEAT:

DELEGACIÓN AEAT A CORUÑA

Comandante Fontanes, 10-sót. - A Coruña

TELF: 981 61 68 89-EXT.: 868 89//FAX 981 12 72 22

cigaeat@gmail.com

WWW.CIGAEAT.COM